

PROGRAMA

Xoves, 30 de outubro
de 2025, na **Sala multiusos**
do Museo Provincial de
Lugo

Dirección e Coordinación: Aurelia
Balseiro García e Inmaculada
Real López. **Secretaría técnica:**
Victoria García Soengas.

16:00 h. Presentación da
xornada: **Iria Castro**, Deputada
Delegada de Cultura da
Deputación de Lugo; **Aurelia**
Balseiro García e Inmaculada
Real López, coordinadoras.

16:15 h. Conferencia marco: As
formas do exilio. Arte, ideas e política
en Galicia. **Juan Manuel Monterroso**
Montero, director do departamento
de Historia da Arte da Universidade
de Santiago de Compostela.

17:15 h. Presentación do libro
Musealizar el arte del exilio
gallego (USC, 2025). **Inmaculada**
Real López, Universidade
Complutense de Madrid.

17:45 h. Palestra *Reflexións cara*
o devir da memoria nos museos.
Ángeles Tilve Jar, Directora
do Museo de Pontevedra; **Xoán**
Pastor Rodríguez Santamaría,
Director do Museo de Artes do
Gravado á Estampa Dixital; e
Aurelia Balseiro García, Directora
do Museo Provincial de Lugo.

19:45 h. Visita técnica guiada á
sala monográfica de Castelao,
por **Victoria García Soengas**, e á
exposición *Os homes, por Castelao*
na colección Roberto Taboada,
polos seus comisarios **Xoán**
Pastor Rodríguez Santamaría
e **Aurelia Balseiro García**.

20:00 h.
Conclusións e Debate.

20:30 h. Clausura.

Inscripción gratuíta:
inscripción previa por rigorosa orde
de entrada no seguinte enlace
<https://goo.su/DhBRV6f>

Prazas ata completar aforo.

Enviarase por correo electrónico
un **diploma acreditativo** de
asistencia por 4 horas e 30 minutos.
Para obter o diploma é preciso
asistir ao 75% das sesións.

Organiza: Museo Provincial de
Lugo. Actividade vinculada ao
proxecto *Un tejido museístico*
para la recuperación democrática
española (MUSDEMO).
Ministerio de Ciencia, UCM.

ARTE, MEMORIA E MUSEOS NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

ENCONTRO
Xoves, 30 de outubro de 2025

Patrocina e organiza:



Colaboran:



ARTE, MEMORIA E MUSEOS

Galicia foi o primeiro territorio de España onde se levou a cabo unha musealización da memoria e produciuse no Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, declarado BIC o pasado 26 de setembro de 2025. Esta institución reconstruíu un discurso ausente entre as dúas Galicias que foran fragmentadas, a exiliada e a do interior. A reconciliación discursiva que aquí se facía a comezos dos anos 70 xa anunciaba un cambio cara a democratización social e cultural, especialmente porque os museos de Galicia acolleron as coleccións da diáspora.

Esta situación ocasionou a re-configuración dun mapa museístico nas dúas últimas décadas do século XX - ampliándose fondos artísticos e creándose novos museos - que chega ata a actualidade, e que deu lugar a unha situación insólita, pois dificilmente se pode atopar tal alto impacto noutras zonas de España.

Non obstante, co paso dos anos Galicia non recibiu ese recoñecemento que merece na musealización da memoria, non se valorou desde esta perspectiva conxunta, quizais por mor da falta de liñas estratéxicas e plans de actuación. Aínda así, a estrutura museística que se intercala no territorio - e que de forma progresiva foi rescatando figuras e legados - é incuestionable e este panorama institucional outórgalle a Galicia un liderado na musealización da memoria. Dita hexemonía convértea no lugar por excelencia desde onde reflexionar e idear plans estratéxicos e liñas futuras de actuación que marquen o rumbo dos museos e a memoria.

Así pois, no marco da citada declaración BIC do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside, e lembrando a Isaac Díaz Pardo a quen se lle dedica o Día das Artes Galegas este ano, organizamos este encontro seguindo o ronsel da xornada *A arte do exilio galego no Museo Provincial de Lugo*, realizada no 2023 e da que reiteramos os obxectivos:

- **Lembrar** os nomes dos artistas que forzosamente marcharon ao exilio.
- **Re-coñecer** a súa produción creativa constatando a influencia do exilio nas obras.
- **Estudar** os contextos: antecedentes, feitos e consecuencias, para valorar o impacto desa diáspora tanto na patria abandonada como nos países de acollida.
- **Divulgar** e transferir o coñecemento desta parte da nosa historia para recuperar obxectivamente a súa memoria de xeito colectivo, pero vendo a especificidade galega e os fondos do Museo Provincial de Lugo en concreto.
- **Incentivar** o papel dos museos galegos na reconstrución do relato tradicional creando pontes

de comunicación internas e coa diáspora para traballar e dialogar cos conceptos de arte, memoria e museos aplicados, sobre todo, ao exilio.

Finalmente, cabe destacar que este encontro coincidirá coa exposición temporal “Os homes, por Castelao na colección Roberto Taboada”, realizada polo Museo Provincial de Lugo en colaboración co Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital de Ribeira por mor da declaración do 2025 como Ano Castelao, que tamén contribúe a difundir a obra do persoeiro que encarna por excelencia a idiosincrasia do exilio galego.

